

# É NECESARIA HOXE UNHA ORGANIZACIÓN INTERNACIONAL?

Roberto Laxe

Desde o famoso 15 de outubro do 2011, unha acción de loita que implicou a convocatória de manifestacións en 980 cidades de todo o mundo, até as máis recentes mobilizacións do movemento de mulleres o 8M polos seus dereitos ou as realizadas contra o cambio climático, pasando pola folga xeral europea de novembro do 2012, está claro que hai unha tendencia obxectiva a responder de maneira internacional á situación de "emerxencia social" que vive a sociedade baixo o capitalismo.

Esta tendencia a internacionalizar a resposta social ve-se freada por dúas vías, unha, os aparellos políticos, sociais e sindicais, atados ás estruturas dos estados nacionais que, como bos representantes da ideoloxía pequeno burguesa, non ven máis alo dos límites das súas fronteiras e non van fomentar accións que poidan cuestionar a orixe dos seus privilexios, os estados; e dous, pola mesma propaganda dos medios burgueses, que reducen estas propostas a visionarios, á sensibilidade de "ativistas" individuais que non responden a unha realidade obxectiva -o capitalismo é capitalismo, aquí e na China-, senón á súa especial personalidade.

Desta maneira toda a forza política e ideolóxica rupturista que estas convocatorias podan ter quedan enclaustradas na ideoloxía burguesa, ou ben dentro das fronteiras nacionais polo peso das organizacións políticas e sindicais institucionalizadas, ou ben no individualismo "compasivo e solidário" que cre poder "terminar coa pobreza, sen a necesidade de ningunha solución política ou reorganización sistémica" (Mark Fisher, O Realismo Capitalista).

Ao "suspender a discusión política en nome da inmediatez ética", o capitalismo e os seus medios tranquilizan-se; ningún deses ativistas, desde o 15O até as loitas contra o cambio climático esixirá ningunha "reorganización sistémica", e desta maneira poden desprezar todas as súas campañas, mesmo de apoio a estas convocatorias, posto que non teñen aguillón; van desarmadas política e organizativamente fronte aos responsabéis do desastre, aos que en moitas ocasións vemos involucrados nas bandeiras feministas ou ecoloxistas.

Outro galo cantaríase se quen convocase estas accións internacionais non fosen "ativistas" individuais ou organizacións subvencionadas polas mesmas institucións estatais ou internacionais imperialistas (ONU e os seus derivados humanitarios), senón organizacións internacionais independentes con raíces na clase obreira e os pobos oprimidos que contasen cun proxecto social alternativo ao capitalismo. Se isto fose así, nin un só medio de comunicación daríalles o menor apoio; antes ao contrario, serían criminalizadas e perseguidas como o foron as Internacionais Obreiras desde a súa orixe.

## ***"O patriotismo é o refuxio dos canallas"***

Esta frase do personaxe de Kirk Douglas en Carreiros de Gloria, para contestar a unha orde irracional dun xeneral francés na 1ª guerra define perfectamente o que son as cúpulas das organizacións políticas e sindicais ante a crise social global que sofre a sociedade. O exemplo recente desta canallada tivo unha data: 14 de novembro de 2012, a folga xeral ibérica que se

transformou en Europea porque se sumaron os traballadores e traballadoras de Grecia, Italia, Francia ou Bélxica, e que non tivo ningunha continuidade, enviándoa ao caixón dos esquecementos.

Situemos o marco desa loita, que está influenciada directamente polo carácter internacional do 15 de Outubro dese ano e as revolucións árabes que estaban en pleno apoxeo.

No 2007/8 estala a crise que terminará sendo a “Gran Recesión”; desde a UE, con Merkel á cabeza, lánzase unha política de rescate masivo do capital financeiro europeo ameazado pola ruína total, e un ataque ás condicións de vida da clase obreira, con reformas laborais, privatizacións dos servizos públicos e de pensións masivos.

Todos os gobernos, da cor que fosen, se disciplinan a esas políticas abertamente antiobreiras e antipopulares, e son os estados do sur de Europa, desde Grecia até Portugal e Irlanda, os que pola debilidade das súas burguesías fronte ás do Norte, os que sofren este embate.

Obrigados por esta presión, as cúpulas sindicais da Península Ibérica convocan conxuntamente unha Folga Xeral, á que se sumasen desde Italia, Grecia, Francia e Bélxica, nunha acción obreira exemplar. Amplos sectores da clase obreira, por cima das fronteiras nacionais, son chamados a responder a un ataque da burguesía europea.

A folga sae con diferenzas, mellor na Península Ibérica, mentres en Francia ou Bélxica límitanse a grandes manifestacións... Pero o paso estaba dado: creou-se o precedente de que era posible unha acción coordinada

Fronte a unha política unificada de todos os gobernos da UE, a loita volveu estar confinada dentro das fronteiras e cada clase obreira enfrentou-nos coma se só fosen o seu problema. A derrota estaba servida, que foi o que pasou con máis dureza en Grecia fronte ao goberno de Syriza, ao que despois de seis meses de loita torcéronlle o brazo, asumindo como seus os postulados da Comisión Europea e as súas memorándums.

“O patriotismo é o refuxio dos canallas” habería que dicirlle ás cúpulas sindicais e políticas fronte á orde que deron que despois do 14 N do 2012 non se volveuse a convocar ningunha acción europea contra a política da Comisión, illando cada clase obreira; non moveron un dedo nin cando os traballadores e traballadoras gregas sufriron as presións máis duras para aceptar os recortes e privatizacións.

A existencia dunha organización internacional dos traballadores e traballadoras forte, asentada e con raíces na clase obreira, non consentiría esta canallada que supuxo un retroceso histórico nas condicións de traballo e de vida en toda Europa.

### ***Ativistas ou organización***

Dicía máis arriba que a burguesía sente tranquila cando as propostas de mobilización poden ser “adxudicadas” a ativistas individuais, impulsados por motivos ético-morais e non por obxectivos políticos claros. A árbore da urxencia ética de solucionar os problemas impide ver o bosque das súas causas sistémicas, por iso é polo que os medios capitalistas tranquilizan-se; mesmo poderán adoptar resolucións, acordos e convenios que prometan crear comisións para resolver os problemas.

Alem máis, para os medios do capital é moito máis fácil lidar co activismo individual que cunhas organizacións, posto que ese activismo é a máxima expresión da ideoloxía burguesa: o individualismo.

O cinema norteamericano é un mestre en vender como críticos do sistema filmes que no fondo son profundamente reaccionarios. O tema na súa maioría é o mesmo; un político, un policía, unha institución aparece corrompida por calquera motivo; nisto aparece o ou a "ativista" en forma de xornalista, policía ou política honesta, que investiga atopa aliados mesmo dentro das propias institucións ou medios de comunicación, e ao final o corrupto é detido. "O que ben está, ben acaba"... dado que o sistema tiña anticorpos.

Unha persoa, por moi honesta que sexa, non pode levantar e menos conquistar unha alternativa global ao sistema. Pode, como moito, elaborar unha utopía como fixo Tomás Moro no seu momento; pero os tempos das "utopías" pasaron, estamos no tempo das solucións políticas a problemas que non se resolven con máis recursos nin con "comisións de estudo", senón coa loita diaria por un proxecto de transformación social.

Fronte a un sistema baseado na expropiación e apropiación privada da riqueza social como é o capitalismo só pódesele opor unha forza igual, e para isto o "ativismo individual" movido por urxencias éticas non conduce máis nada que á desesperación. Unicamente accións coordinadas, conscientes e colectivas que vaian ás raíces dos problemas poderá pór vías de solución, que non son outras, nin máis nin menos que acabar coas relacións sociais de produción capitalistas.

A forza que todo ativista individual ten, veríase incrementada exponencialmente no momento que asuma como propia a loita e organización colectiva con outros miles de activistas por ese proxecto social. Pola contra, os medios de comunicación incharanlle o ego ata que explote e utilizarán a súa figura para lanzar a súa mensaxe favorita: o individuo é todo, o colectivo nada.

## ***O capitalismo é internacional, a burguesía nacional***

O capital é unha relación social obxectiva co fin da súa acumulación. A fórmula na que se expresa esta relación social,  $C=c+v$  é aplicable, desde a restauración do capitalismo nos estados do chamado "socialismo realmente existente", a todos os países do mundo.

Dicía Marx que o capital xera o seu opoñente, a clase obreira. Na fórmula do capital, a "v" personifica-se na clase obreira, aquel sector da sociedade que vive da venda da súa forza de traballo por un salario; que non posúe máis que esa forza de traballo, e que sen ela é condenada á miseria -á pobreza, non, porque moitos millóns de asalariados e asalariadas son pobres con nómina-.

No medio, pero que non figuran expresamente na fórmula, móvense amplos sectores sociais que oscilan entre ambos; é a pequena burguesía que sendo propietaria dos seus medios de produción, o que lles asimila aos capitalistas, teñen un nivel de renda baixo, o que lles asimila á clase obreira. Nestes sectores o que determina o seu actuar non é a súa posición obxectiva na sociedade, pois non teñen ningún papel independente, senón as súas esperanzas na mellora das súas condicións de vida; a subxectividade de como ven o futuro. Se o futuro preséntase-lles promisorio polas promesas do capital, iran con el; se pola crise e a forza do proxecto social da clase obreira ven nesta unha vía de solución aos seus problemas, aliaranse con ela.

O decisivo, por tanto, é a actitude das dúas clases fundamentais na relación social de produción capitalista, a burguesía e os seus xestores, e a clase obreira, que é por definición internacional, posto que se homoxeneiza no mercado mundial, onde se dirimen todas as contradicións que lle atravesan. E unha das principais contradicións que lle atravesan é que o desenvolvemento histórico do capitalismo realizouse dentro das fronteiras nacionais, ata que ameaza con desbordalas.

O capital moderno non xurdiu en todos os lados ao mesmo tempo nin da mesma forma, senón que naceu en dúas nacións europeas, Inglaterra e Francia, e de aí foise estendendo a todo o planeta; pero non dunha maneira lineal, senón que en cada nación ou pobo foi adoptando formas diferentes; é o que se chaman "formacións sociais". Un concepto que explica as diferenzas nacionais de cada capitalismo

Doutra maneira, non é o mesmo o capitalismo inglés e a súa extensión norteamericana, que o francés e as formas que adoptou no continente; até nas formas xurídicas diferéncianse. O mundo anglosaxón móvese sobre a base de constitucións non escritas, abertas; mentres que o mundo influenciado polo capitalismo francés (España, Alemaña, etc.) faio sobre a base de constitucións políticas pechadas e escritas.

Por esta mesma forma diferente de desenvolvemento do capitalismo, non é o mesmo o capitalismo latinoamericano, fillo do imperio español, que o que as potencias europeas (Francia, Gran Bretaña, Italia, Bélxica) impuxeron en África a finais do XIX e comezos do XX. Ou, máis recentemente, coa restauración do capitalismo nos estados non capitalistas como China, Rusia, Vietnam, Cuba,... , onde nos atopamos con algo que Mark Fisher cualifica, na miña opinión acertadamente, como "estalinismo de mercado".

En suma, cada estado é unha formación social concreta resultado da loita pola división mundial traballo na que cada burguesía, polo devir histórico, ten unhas características propias para a acumulación, son as características "nacionais".

## ***O proletariado é a única clase realmente internacional***

As burguesías son, por tanto, a manifestación nacional da relación social mundial, obxectiva, que é o capital. Fronte a elas a "v" desa relación social, é dicir a clase de asalariados e asalariadas, daqueles seres humanos que só teñen a súa forza de traballo para subsistir e reproducirse, é internacional. Os seus medios de vida non dependen da existencia desas fronteiras nacionais, senón das condicións para a venda da súa mercadoría "forza de traballo" no mercado laboral.

Certo é que, desde a aparición da fase imperialista do capitalismo, e por mor da sobre acumulación de capital xerado polos oligopolios capitalistas, xurdiu unha capa dentro da clase obreira que se beneficiou da explotación e saqueo do mundo, e polo seu nivel de ingresos sepárase da media da clase obreira asimilándose social e ideoloxicamente aos sectores máis podentes da pequena burguesía. É o que Lenin chamou a "aristocracia obreira", e que foi a base social do estado do benestar ao longo dos "trinta gloriosos" constituíndo entre ambos os o que se dá en chamar as "clases medias".

Ao longo de todos eses anos esas "clases medias" non deixaron de crecer, á vez que o capitalismo coñecía a época de maior expansión económica da historia, que levou aos apoloxistas do capitalismo a afirmar que "nunca nos había ir tan bem", en palabras dun primeiro ministro británico nos 50. Esas "clases medias" constituíron a base das organizacións

obreiras e políticas de todo ese período que renunciaron á revolución a cambio da mellora sistemática das condicións de vida e traballo.

A tendencia desde os anos 80 até hoxe é, de novo, a homoxenización da clase obreira á baixa, rompendo a dinámica dos "trinta gloriosos", que incorporaban cada vez máis continxentes sociais á aristocracia obreira e as clases medias. Salvo excepcións non desdeñables como China, onde sobre a base do seu desenvolvemento económico dos últimos 20 anos xerouse unha millonaria capa social ás "clases medias" (o cálculo é de 300 millóns de seres humanos), no resto do mundo a tendencia é á inversa, e especialmente nos estados que durante anos hegemonizaron a política mundial, os EEUU, Europa e Xapón.

A destrución ou a redución á mínima expresión das conquistas sociais dos "trinta gloriosos" como a sanidade, a educación e os servizos públicos (o chamado salario social), a privatización das pensións, etc., son parte desta tendencia á homoxeneización á baixa, rexurdindo unha imaxe que desaparecera nos estados imperialistas, o traballador pobre. A diferenza do que sucedese neses anos, a estas alturas en practicamente ningún país do mundo ter un traballo é garantía de saír da pobreza; ao revés, cada vez máis asalariados e sobre todo asalariadas caen na pobreza, como sucedía antes da II Guerra Mundial.

Se obxectivamente hai unha tendencia á homoxeneización das condicións de vida dos asalariados e asalariadas en todo o mundo, a pandemia púxolle ollos e cara. No confinamento de miles de millóns de seres humanos, desde China até os EEUU, os problemas reproducíronse dunha maneira farto similar. Os traballadores e traballadoras ou ben deixaban de ir aos seus centros de traballo, onde eran carne de contaxio, ou ben ían e arriscaban-se porque como asalariados que son, se non traballan non cobran e, por tanto, non poden pagar a súa subsistencia (vivenda, alimentación, etc.).

Fronte a esta imaxe da clase obreira mundial arriscando-se ou ben para sobrevivir, ou ben para manter a produción e distribución dos produtos e servizos esenciais para enfrontar a pandemia; o que se foi diferente foi a actitude dos estados, desde a negación criminal, seudo libertaria, dos Trump, Bolsonaro, Ayusos, etc., até as medidas restritivas das liberdades como en Europa ou China a través de estados de excepción ou de alarma.

Tanto por motivos obxectivos: a clase obreira componse os seres humanos que ven obrigados a vender a súa forza de traballo por un salario pois non posúen os medios de reprodución e subsistencia básicos, teñen que compra-los, como subxectivos: enfrontan os problemas da mesma maneira sexa o estado no que vivan, a través dos seus medios de loita, sendo a paralización da produción e distribución de bens e servizos a principal arma, é a única clase realmente internacional.

No entanto, sería unha análise mecanicista extraer destas dúas premisas que a súa organización internacional xurdiría de maneira natural, lóxica. A "ideoloxía dominante é a ideoloxía da clase dominante", e esta é burguesa, é dicir, nacionalista e individualista para defenderse dos inimigos externos e internos. Como boa ideoloxía ou cristaliza en organizacións ou é unha abstracción metafísica. A ideoloxía nacionalista dominante na sociedade, alimentada polo pensamento identitario dominante desde a crise do marxismo e o encumbramento da posmodernidade, concrétese nas organizacións sociais, sindicais e políticas maioritarias.

O que une ás persoas non é o criterio obxectivo de pertencer à unha clase social que determina a forma que teñen de vivir e reproducirse como seres humanos; senón o condicionamento subxectivo, identitario, de cada un. O individualismo burgués elevado á

enésima potencia; "a miña" identidade nacional, de xénero, racial, etc., está por encima da pertenza a unha clase social, dividindo á sociedade dunha maneira vertical e construíndo á súa ao redor as organizacións que se definen pola "unidade" de identidades.

Como non responden a criterios obxectivos, senón que a definición vén dada pola "autoidentificación", non existe a menor posibilidade de acordos e debates sen descualificacións: o "o teu" non podes entender "a miña" identidade é o fin de todo análise científico da realidade que nin nos seus soños máis húmidos tería o filósofo e bispo irlandés do século XVIII George Berkeley, cando dixo aquilo de que «a realidade é o que percibimos».

Todas estas ideoloxías son parte activa da actuación dos seres humanos tanto como individuos como clases, sendo non só unha influencia "externa", senón que se constrúe na vida cotiá incorporándose ao "código xenético" do pensamento de cada ser humano, pertenza á clase que pertenza. Desta maneira, millóns de asalariados e asalariadas dan o seu apoio a organizacións que expresan esta ideoloxía nacionalista,

A resolución desta contradición é clave para o futuro do mundo, posto que aínda que a burguesía é nacional o que lles enfrenta constantemente polo mercado, únelles a defensa dos seus intereses de clase definidos pola relación social de produción, a acumulación de capital pola explotación da clase obreira; unidade que se expresa nos organismos políticos e militares transfronteirizos (OTAN, ONU, UE, etc.) onde unifican as respostas ás crises sociais e políticas.

Fronte a ela, a clase obreira, a maioría social, non aparece como unha clase para si, cun proxecto social alternativo e independente das burguesías. Desta maneira en moitas ocasións convértese na "man de obra", a "forza social" que as diferentes burguesías nacionalistas e imperialistas utilizan para reafirmar o seu poder. A construción dunha organización internacional da clase obreira, independente de calquera fracción do capital é a tarefa central nos próximos anos, para que o mundo salga do marasmo político, social, sanitario e ecolóxico ao que o capitalismo o levou, dando sentido ás grandes mobilizacións sociais que atravesan o mundo.

Galiza, no mes de xaneiro do 2022